24 de novembro

FOLGA XERAL estudantil

Non nos enganan!

FÓRA REVÁLIDAS FRANQUISTAS XA!

A folga do 26 de outubro, un golpe demoledor ó goberno de Rajoy

O pasado 26 de outubro, a folga xeral convocada en todo o Estado polo Sindicato de Estudantes contra as reválidas franquistas foi un auténtico golpe para o goberno de Rajoy. Millóns de estudantes baleiramos as aulas e paralizamos por completo a educación, á vez que, por miles, enchemos as rúas en manifestacións multitudinarias: en Galiza fomos máis de 20.000, en Madrid máis de 60.000, 50.000 en Barcelona, 15.000 en Bilbao, 10.000 en Valencia, máis de 30.000 en Andalucía, e decenas de miles máis nas 70 manifestacións que se realizaron en todos os territorios do Estado. O 26 de outubro foi sen dúbida unha xornada histórica, unha explosión da mocidade que somos de familias traballadoras e que non aceptamos que nos arrebaten o dereito ó estudo. Unha gran demostración da forza do movemento que deixou claro que non imos parar ata que consigamos que se elimine por

completo o decreto das reválidas co que o Goberno pretende expulsarnos do sistema educativo.

Suspendéronse as reválidas? Que non che enganen! As reválidas seguen en marcha!

O golpe que lle demos ó Goberno coa folga e as manifestacións do 26-O foi demoledor. Non hai nada que teman máis que a forza da mobilización na rúa. Por iso, desde o día seguinte á folga, o goberno en funcións do PP, secundado polos parlamentarios do PSOE que se abstiveron vergoñosamente e tamén os medios de comunicación, comezaron unha campaña de mentiras e confusión para desactivar a loita.

Rajoy, no seu discurso de investidura, afirmou que as reválidas "non terán efectos académicos ata que non se chegue a un Pacto Nacional pola Educación". Pero isto non é ningunha novidade! Moitos medios de comunicación trataron de vender a idea de que se suspenden as reválidas ou de que se retiraron ¡TOTALMENTE FALSO! O propio decreto que o Consello de Ministros aprobou no mes de xullo xa dicía que este curso non terán efectos académicos. Pero se alguén pensa que estamos a salvo delas está moi equivocado: o Ministro de Educación en funcións, Méndez de Vigo, xa sinalou publicamente que NON TEÑEN PENSADO RETIRAR REVALÍDALAS, NIN TAMPOUCO A LOMCE.

Que non nos veñan con contos! A única forma de que non se apliquen as reválidas é a súa derrogación inmediata, cun novo DECRETO que as anule! Para iso saímos á folga e ás rúas o 26-O e así seguiremos ata que o logremos!

O 24 de novembro folga xeral estudantil! Derrogación das reválidas xa!

O 26 de outubro dixémolo alto e claro: non imos parar de loitar ata que se retire este brutal ataque que pretende acabar co noso dereito ó estudo. As reválidas non perseguen mellorar a calidade do ensino público: son uns exames inxustos que, de non aprobar, impediranos conseguir o titulo de ESO ou Bacharelato aínda que aprobemos todos os cursos, e que significará a expulsión de centos de miles de xóvenes do sistema educativo. É unha completa vergonza!

As tramposas declaracións de Rajoy reflicten a súa enorme debilidade e o medo a que a mobilización continúe. Por iso é o momento de volver golpear con todas as nosas forzas! Tal e como advertimos, cumprimos coa nosa palabra. O Goberno non derrogou as reválidas, polo tanto, a loita debe continuar: chamamos a todas as compañeiras e compañeiros á FOLGA XERAL ESTUDIANTIL O 24 DE NOVEMBRO: BALEIRAR DE NOVO AS AULAS DE TODOS OS INSTITUTOS E ENCHER AS RÚAS COA nosa LOITA!

Facemos tamén un chamamento ás nosas nais e pais da CEAPA, PARA QUE SE MOBILICEN XUNTO A NÓS, e por suposto ó noso profesorado, que están desexando loitar xunto co seu alumnado. Por iso dicímoslles ós dirixentes de CIG-Ensino, CCOO e de UGT que non miren cara a outro lado, que se sumen á batalla contra as reválidas e convoquen tamén ó profesorado á folga xeral educativa do 24N. Este é un Goberno débil, deslexitimado e ó que imos derrotar. Temos a forza para vencer!

Todo o mundo: volvamos baleirar as aulas e encher as rúas o 24-N!

MANIFESTACIÓN 12h.

- **FERROL:** Edificio da Xunta
- **COMPOSTELA:** Alameda
- **CORUÑA:** Praza da Palloza
- **VIGO:** Praza América

REVÁLIDAS FRANQUISTAS NON

www.sindicatodeestudiantes.net • galiza@sindicatodeestudiantes.net • facebook: Sindicato De Estudantes Galiza • twitter: @SindicaEstudian
Compostela: 981 563 100 (est 12867) / 622 481 994 • Ferrol: 640 255 027 • Coruña: 634 406 330 • Vigo: 630 431 613